

PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA 2023/2024



CEIPP SANTA MARÍA
AS PONTES

ÍNDICE

1. Xustificación
2. Análise da situación da biblioteca e do seu contexto
3. Necesidades en materia de equipamento e colección
4. Obxectivos
5. Organización e funcionamento
6. Actuacións por trimestres
 - A) Xestión técnica e organización
 - B) Dinamización
7. Horarios previstos e atención
8. Criterios e procedemento de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos a utilizar.

1. XUSTIFICACIÓN

A xustificación deste plan baséase en tres planos que se complementan:

lexislativo, conceptual e espacial.

a) Lexislativo

A obrigatoriedade de cumprimento dos requisitos mínimos marcados pola lexislación vixente en todos os seus ámbitos e polo dereito que nos asiste ao amparo da propia lexislación.

- A Resolución de 23 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica a Addenda ao Convenio de colaboración, entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das bibliotecas escolares.
- A RESOLUCIÓN de 7 de xuño de 2023, de la Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa, por la que se convoca el Plan de mejora de bibliotecas escolares en centros públicos no universitarios para el curso 2023/24.
- O Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros, entre eles os espazos a dispor polas bibliotecas dos centros.
- A LOE, principalmente no seu artigo Art.113.
- Consello da UE (2012): Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012 sobre alfabetizacións múltiples.
- A Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Outros decretos, ordes e disposicións establecen os recursos obrigatorios que o ensino público ten que ofrecer para o correcto desenvolvemento do sistema educativo.

Un dos pilares dese sistema educativo actual está ancorado nas bibliotecas escolares, onde xogan un papel preponderante e unha grande responsabilidade, sobre todo, nas etapas de ensino obrigatorio e cunha maior carga na educación primaria como base fundamental da educación regrada.

Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe, con experiencias de **innovación metodolóxica** que se poderán poñer en marcha a través dunha **biblioteca activa**, buscando o desenvolvemento integral do alumnado cun **enfoque competencial**.

Por iso, a comunidade educativa ten que velar por dispor dunha biblioteca escolar que posibilite o arraigo do novo sistema educativo con firmeza para un bo desenvolvemento posterior da educación das rapazas e rapaces do seu entorno.

b) **Conceptual**

A nova concepción da biblioteca escolar fai necesario que sexa concebida como un espazo educativo por excelencia, favorecendo a **alfabetización múltiple** e o **pensamento crítico**. O equipo de biblioteca debe poñer o máximo empeño en facer da biblioteca escolar un **espazo vivo e dinámico** que sirva de apoio aos **procesos de ensino-aprendizaxe**, ás **medidas de atención á diversidade** aplicadas, que contribúa á mellora do desenvolvemento de **habilidades e de competencias clave** e á creación e consolidación de **hábitos de lectura e de escritura**.

O Proxecto Lector debe ser o nexa entre a biblioteca e a aula, de xeito que converta á biblioteca nunha ferramenta ao servizo do ensino e da aprendizaxe e do tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares

A biblioteca debe ser concebida tamén como un **centro de recursos** onde queden rexistrados e catalogados todos os fondos documentais existentes no centro e nos distintos soportes, ademáis de concebirse como **lugar de encontro, minimizador de diferencias sociais**.

As **tecnoloxías da comunicación e da información**, tanto dende a recollida dos datos como no seu tratamento, deben estar implementadas na biblioteca como instrumento ou ferramenta, que sirva para educar no acceso á información, ás lecturas e o seu tratamento. En definitiva converterse en peza básica cara a acadar o desenvolvemento en **competencia dixital**.

Por último, ten que estar **aberta a toda a comunidade educativa**, non só para que dea o servizo, tamén para integrala nas familias, cara a unha participación proveitosa do tempo de lecer cos beneficios colaterais de brindar un acceso igualitario aos recursos culturais.

Nese camiño estamos a dirixir as nosas actuacións e debemos encamiñar as actuacións futuras.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO.

O CEIPP Santa María está situado na localidade das Pontes de García Rodríguez (A Coruña). É un centro dunha liña que ten na actualidade dúas unidades de educación infantil e seis de educación primaria.

O nivel sociocultural predominante é de familias de nivel medio.

No actual curso 2023-2024 ten unha matrícula de 119 alumnos/as, distribuídos do seguinte xeito:

Educación infantil:

. 3 anos... 19 alumnos

. 4anos/5 anos....18 alumnos

Educación primaria:

. 1.º curso.... 9 alumnos/as

. 2.º curso....12 alumnos/as

- 3.º curso ... 21 alumnos/as

. 4.º curso.... 17 alumnos/as

. 5.º curso ... 14 alumnos/as

. 6.º curso ... 19 alumnos/as

O Claustro está composto no presente curso por 15 mestres. Destes, 9 adócanse a dinamizar a biblioteca.

O persoal non docente está formado por un auxiliar de conversa, unha coidadora e dúas persoas en persoal de limpeza, unha delas fai tamén as funcións de conserxe.

A biblioteca está situada na planta baixa do centro. Ten aproximadamente 61 metros cadrados. Consta cun bo acceso.

Diferenciamos varias **zonas**:

- **Zona de estantes** onde están emprazados os libros de consulta:

enciclopedias, dicionarios e libros de temática diversa.

Nos andeis máis baixos están colocados os libros de literatura infantil organizados en sección con cores segundo a idade: azul para prelectores (de 0 a 7 anos), vermella primeiros lectores (de 7 a 10 anos) e verde para lectores autónomos (de 10 a 12 anos). Todos os libros destes andeis teñen un adhesivo de cor azul, verde ou vermella segundo a idade, na que figuran a inicial do xénero literario, do autor, do título e, se son en galego, teñen a inicial G.

A clasificación dos libros facémola seguindo a C.D.U. (Clasificación Decimal Universal) adaptada pola Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Temos rexistrados 11315 volumes aínda que hai moitos descatalogados. Seguimos en proceso de revisión, rexistro e catalogación no Programa Meiga.

En canto aos fondos xerais, nestes dous últimos anos, adquiríronse libros de consulta, considerando as necesidades do centro, así como fondos de banda deseñada e títulos en formato electrónico. Ademais, subscribímonos á revistas *Reportero DOC* e ao *Xornal Papagaio*, tanto en versión física como dixital.

Zona de xestión, que consta dunha mesa de traballo con ordenador.

- **Recuncho de infantil.**

- **Recuncho de primaria** con mesas de traballo para as alumnas e alumnos.

- Corredor anexo á biblioteca que serve de lugar de exposicións.

- **Zona audiovisual**, contamos con:

- Dous ordenadores para os rapaces
- Un ordenador portátil
- Pizarra dixital interactiva
- Proxector

- **Recuncho maker:** Posto en marcha o curso 2020/2021 , contando cunha mesa de luz, e diversos materiais adaptados as necesidades educativas do alumnado do centro, contando cunha gran aceptación entre o alumnado e, incluíndonos no curso 2020/21, na convocatoria de Bibliotecas creativas.
- **Recuncho de creatividade:** No 2021/2022 iniciouse a creación dun recuncho da creatividade, dotado de diversos materiais que potencie nos nenos e nenas o desenvolvemento das súas capacidades e a súa imaxinación. Adquiríronse novos fondos para o recuncho contando con novos libros, xogos, actividades e dispositivos como tabletas, aplicacións e actividades.
- **Recuncho de impresión 3D:** Tamén se dotou á biblioteca dunha impresora e un lapis 3D.

O sistema de préstamo levámolo a cabo mediante o sistema de empréstitos e devolucións do Proxecto Meiga. Contamos coa axuda do alumnado de 6.º curso. O Equipo de Biblioteca leva funcionando dende o curso 2008-2009. Todos os anos establecemos un horario de préstamo, un horario de atención á biblioteca e un horario de dispoñibilidade para que os diferentes cursos poidan usar o espazo. Neste curso, contamos co 5% do orzamento do centro; continuando no PLAMBE contando coa dotación correspondente ao presente curso, todavía por determinar. Temos creado un **apartado de Biblioteca** dentro da **páxina web do centro**, así coma o **blog de biblioteca**, <http://bibliolili.blogspot.com/>, onde imos publicando traballos do alumnado, fotos de exposicións, información para a comunidade escolar, e actividades realizadas, tanto en versión física como dixital. Tamén realizamos dinamizacións, animadas sempre pola nosa mascota Lili. Organizamos e realizamos actividades segundo o calendario escolar: día da Biblioteca Escolar, Samagosteen, Dereitos humanos, Día do Libro, Letras

Galegas... Planificamos e realizamos actividades de educación documental e formación de usuarios.

Este curso o noso Proxecto Documental Integrado (PDI), [A LILI DO FUTURO](#), versa sobre o que podemos facer para mellorar o futuro baseándonos nos obxectivos para o desenvolvemento sostible, centrándonos sobre todo no 3: Saúde e benestar e 4: Educación de calidade. Os aspectos a tratar serán: a educación emocional, social, creativa, innovadora, etc. Que marcarán todas as actividades y celebracións que se leven a cabo no centro.

3.- NECESIDADES EN MATERIA DE EQUIPAMENTO E COLECCIÓN

Renovación e actualización dos fondos

- É preciso continuar coa renovación e catalogación dos fondos da biblioteca para o desenvolvemento do **Plan de lectura**.
- Continuarase coa inversión preferente en libros de etiqueta vermella e verde porque é precisa a súa renovación e actualización.
- Cómpre continuar coa adquisición de material específico para actividades de tipo transversal ou como apoio a alumnado con NEAE, en colaboración co Departamento de Orientación.
- Continuarase coa adquisición de material audiovisual realizada o pasado curso, así como de títulos electrónicos.
- Adquiriranse fondos axeitados para o actual PDI de biblioteca.

4. OBXECTIVOS

- Continuar coa catalogación dos fondos.
- Continuar coa adquisición de fondos en xeral, destacando as adquisicións en formato dixital.
- Ampliar os fondos de carácter audiovisual e informático e catalogalos.
- Continuar coa renovación dos fondos das bibliotecas de aula e finalizar a catalogación dos mesmos.
- Insistir no emprego das novas tecnoloxías co alumnado para que sexan eles os protagonistas.
- Continuar co sistema de préstamo facendo partícipes aos alumnos e alumnas de 6.º curso.
- Desenvolver o proxecto A LILI DO FUTURO no que estará implicado todo o centro. As actividades comúns a todos os niveis e todas as celebracións estarán relacionadas coa súa temática.
- Continuar coas dinamizacións, celebracións, exposicións, colaboración con familias e outras entidades, páxina web e blog...
- Continuar coa **hora de ler**. A lectura diaria realizarase durante vinte minutos en todos os niveis, despois do tempo de lecer.

5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Continuaremos co relatado na memoria do curso anterior como situación de partida, pois ao longo de varios cursos levamos constatado bos resultados.

Seguiremos contando coa implicación do equipo directivo para, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, prever as necesidades da Biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios deste, e recolleremos a súa participación.

Continuaremos coa recompilación de información, materiais e recursos necesarios para facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.

Cooperaremos no deseño, organización e posta en marcha das actividades. Este curso estarán relacionadas co proxecto *A LILI DO FUTURO*.

Seguiremos aplicando os criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca, centrándonos este ano nos libros dixitais.

Recolleremos propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

6. ACTUACIÓNS POR TRIMESTRES

Xestión técnica e organización

1º Trimestre:

- . Elaborar os horarios: do Equipo de Biblioteca, do uso de espazos, do préstamo, dos mestres de garda, dos rapaces e rapazas que axudan.
- . Elaborar as aportacións á PXA: recursos humanos, obxectivos, espazos dispoñibles, avaliación.
- . Poñer a disposición os medios TICs para a obtención e tratamento da información.
- . Actualización dos carnés.
- . Subscribirnos ao Xornal Papagaio e a Revista Caracola.
- . Realización de préstamo aos diferentes grupos.
- . Ambientación do centro coa temática do proxecto.
- . Organización das distintas conmemoracións en coordinación co resto de equipos docentes.

2º Trimestre:

- . Continuar coa adquisición de fondos e catalogación dos mesmos.
- . Realización de préstamo aos diferentes grupos a través do programa Meiga.
- . Poñer a disposición os medios TICs para obtención e tratamento da información.
- . Organización das distintas conmemoracións en coordinación co resto de equipos docentes.

3º Trimestre:

- . Continuar coa adquisición de fondos e catalogación dos mesmos.
- . Seguir co préstamo aos diferentes grupos.
- . Poñer a disposición os medios TICs para obtención e tratamento da información.
- . Organización das distintas conmemoracións en coordinación co resto de equipos docentes.

Dinamización

1º Trimestre

- Informar ao claustro e ás familias do blog de biblioteca (<http://bibliolili.blogspot.com/>) e das actividades propostas para este trimestre.
 - Selección de títulos e colaboración nas actividades do Plan de Lectura.
 - Elaboración e entrega do carné de usuario aos novos alumnos/as e profesores do centro.
 - A mochila viaxeira. Continuaremos neste ano organizando esta actividade con todas as clases.
- Este curso incluírase un libro relacionado co tema do proxecto, manteremos unha película na mochila, así como as tablets e os e-readers con títulos electrónicos e actividades de fomento da lectura. Comezará a súa andaina o Día das Bibliotecas Escolares.
- Día da Biblioteca Escolar (24 de outubro).

- Semana do Samagosteen.
- Actividades de conmemoración do Día Internacional dos Dereitos dos Nenos.
- Mantemento do blog *Bibliolili*.
- Elaboración da guía de axudantes de biblioteca e recordatorio de normas recollido mediante diptico.
- Actividades de animación á lectura elaboradas este ano dende o propio centro, implicando ao resto da comunidade educativa, familias, escritores, etc. sempre que a actividade poida ser desenvolva telemáticamente.

2º Trimestre

- Informar ao claustro e ás familias das actividades da biblioteca para este trimestre.
- Selección de títulos e colaboración nas actividades do Plan de Lectura.
- Exposición de libros mercados e relacionados coa temática do reto lector proposto ou coas conmemoracións pertinentes.
- Preparación de actividades de animación á lectura.
- Elaboración por parte dos alumnos dos traballos propostos seguindo a temática deste curso.
- Actividades de conmemoración do Día da Paz.
- Mantemento do blog *Bibliolili*.
- Actividades de animación á lectura levadas a cabo por mestres e mestras, país e nais colaboradores ou persoas do entorno da nosa comunidade educativa.

3º Trimestre

- Informar ao claustro e ás familias das actividades da biblioteca para este trimestre.
- Selección de títulos e colaboración nas actividades do Plan de Lectura.
- Elección das lecturas recomendadas para verán que se incluírán no blog.
- Información sobre o autor ao que se lle dedica o día das Letras Galegas.
- Actividades de conmemoración do Día do Libro.
- Mantemento do blog *Bibliolili*.
- Actividades de animación á lectura levadas a cabo por escritores, pais colaboradores ou persoas do entorno da nosa comunidade educativa.

Todas as actividades e celebracións dos tres trimestres estarán relacionadas coa temática do proxecto: A LILI DO FUTURO. Buscamos con el contribuir aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 20-30. Centrarémonos entre outros nos obxectivos 3: Saúde e benestar e 4: Educación de calidade. Os temas a tratar serán a educación ambiental, emocional, social, creativa, innovadora...

7. HORARIO PREVISTO E ATENCIÓN

O Equipo de Biblioteca repartirase as diversas actividades segundo as posibilidades que o horario permita. O equipo queda como segue:

Yaiza Linaje Álvarez (Mestra de Educación Física) -Coordinadora

Margarita Casal

Claudia Berdeal

Marta Vilasuso

Rocío Graña

Iglesias

Elisa Fraga

Iria López

Patricia Quintana

Santiago Sayans

A biblioteca do centro permanecerá aberta a totalidade do tempo lectivo. Establecerase un horario de préstamo, un horario de atención á biblioteca e un horario de dispoñibilidade para que os diferentes cursos poidan usar o espazo:

- Para cada curso de 4º de Infantil a 6º de Primaria o equipo de biblioteca establecerá un mínimo dunha sesión do horario lectivo, para poder acudir cada titoría.

- Para o alumnado de EP no recreo (de luns a venres) atendido polos profesores de educación primaria coa axuda do alumnado de 6º.

A biblioteca abre, como servizo de atención ao alumnado, os martes, mércores e xoves polas tardes de 16 a 17 horas para consulta, e será atendida por quendas de mestres.

Realizaranse préstamos puntuais de fondos de consulta ou de literatura aos membros da comunidade educativa que o soliciten.

8.CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS A UTILIZAR

As conclusións da avaliación reflectiranse nunha memoria realizada pola responsable da biblioteca ao remate do curso.

Que avaliar?

A) Organización e funcionamento do equipo:

- O cumprimento dos obxectivos propostos.
- Actividades desenvolvidas.
- Grao de implicación do centro e da comunidade educativa.
- As actividades de formación recibidas.
- Produción de materiais.
- O traballo en equipo.

B) Organización e funcionamento da Biblioteca:

• O espazo:

- Adecuación
- Funcionalidade
- Necesidades

• Material:

- Catalogación
- Adecuación
- Valoración das novas adquisicións
- Necesidades cara o vindeiro curso

• Uso funcional por parte do alumnado, profesorado e familias:

- Cumprimento das normas
- Conservación do material
- Incremento da lectura

• **Lecturas recomendadas (“Biblioteca na casa”):**

- Funcionalidade
- Interese

• **Actividades de dinamización:**

- De formación de usuarios
- De educación documental
- Animación á lectura

Como e cando avaliar?

A través da análise do traballo diario adecuarase o proceso de organización e funcionamento tanto da biblioteca como do equipo.

Ao final de curso a Comisión de Biblioteca no Consello Escolar emitirá un informe cos aspectos máis salientables, tanto positivos como negativos, en relación á organización e funcionamento da mesma.

Elaborarase un cuestionario para as familias, alumnado e axudantes onde se recolla o servizo ofertado pola biblioteca, a valoración das actividades realizadas, así como aspectos positivos e negativos a destacar.

As actividades de formación de usuarios, de educación documental e animación á lectura avaliaranse de xeito específico tras a súa realización.

Elaborarase unha ficha – rexistro das actividades máis destacadas do proxecto, onde se reflectirán os seguintes aspectos: nivel, nome da actividade, data, consecución de obxectivos, adecuación ao nivel, interese xerado e observacións.